ÁREA DEPORTIVA

PROCEDEMENTO E INSCRICIÓN NAS LIGAS UNIVERSITARIAS

Poderá participar nas ligas universitarias, todas as persoas membros da comunidade universitaria (alumnado, PDI ou PATXAS).

Os equipos participantes poderanse constituír de forma libre, independente do centro, departamento ou servizo ao que pertenzan os seus integrantes.

Cada equipo nomeará unha persoa capitá que debe facerse responsable de todo o que teña que ver co seu equipo, e será a persoa de contacto coa Área de Deportes.

É importante que a persoa capitá proporcione o seu enderezo electrónico da USC, pois este, xunto co teléfono móbil, será o medio de comunicación utilizado. No caso de sufrir algunha modificación, debe notificarse á Área de Deportes.

Os datos da persoa responsable do equipo (nome, apelido, e correo electrónico da USC), así como do resto dos xogadores poderán ser empregado e publicado para o correcto desenvolvemento da competición, de acordo o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e segundo o asinado no momento da inscrición na páxina web.

Con todas as persoas capitás, crearase un **grupo de whatsapp (por modalidade deportiva e categoría)** para facilitar a comunicación con respecto a cambios de partido, horarios, consultas...).

INSCRICIÓNS

EQUIPO:

O responsable da tramitación *en liña* da **inscrición do equipo** é a persoa capitá.

Prazos:

- **Campus de Santiago: do 01 /09/2026 ata o 23/09/2026**
- **Campus de Lugo: do 1/09/2026 ata o 18/10/2026**

O **procedemento** para a inscrición é o seguinte:

1. Escoller a **Modalidade Deportiva** e o **Campus** durante o proceso.
2. Inscribir o equipo, tendo en conta que:

   - Se é a primeira vez que se inscribe o equipo a inscrición farase

na última división do deporte correspondente,

- Se o equipo participou nas ligas USC do curso pasado no Campus de Santiago de Compostela deberá consultar nesta mesma páxina na ligazón "**Reservas de praza**" a división que lle corresponde e conservar o nome do equipo da liga pasada (xogado o 1º partido poderá solicitar o cambio de nome),
- **O nome do equipo** terá como máximo 20 díxitos e non poderá resultar ofensivo ou inapropiado.

3. Enviar unha invitación ao correo-e dos demais compoñentes do equipo coa ligazón para que se inscriban directamente.
4. Ligazón.

XOGADORES

- Prazos **CAMPUS DE SANTIAGO:**
  - **1º Prazo: 1/09/2026 ata o 5/10/2026**
  - **2º Prazo: Novos xogadores, do 15/01/2027 ata o 7/02/2027.**
  -
- Prazo **CAMPUS DE LUGO**: **do 1/09/2026 ata 18/10/2026**
- Inscrición: recibida a invitación da capitá/do capitán xa se poderá realizar a inscrición. É posible aceptar ata dúas invitacións se son para modalidades deportivas diferentes.

BOLSA DE XOGADORES

Todos os **xogadores que non teñan equipo** e queiran participar nas Ligas Universitarias deberán apuntarse nesta bolsa de xogadores. Será o/a xogador/a, por propia iniciativa, quen se inscriba nela.

Ningún xogador/a poderá ser inscrito en dous equipos diferentes da mesma modalidade deportiva na mesma temporada. No caso de que alguén se inscriba indiferentes modalidades deportivas, a Área de Deportes non se fará responsable das posibles coincidencias no calendario dos partidos.

Todas estas modificacións deberán realizarse a través da aplicación web pola persoa capitá.

Non se aceptarán inscricións daqueles equipos que non teñan o número mínimo de xogadores/as esixido por cada modalidade deportiva.

MÁXIMOS E MÍNIMOS POR MODALIDADE DEPORTIVA

Modalidade	Máximo	Mínimo
Fútbol 7 libre	25	7
Fútbol Sala	25	5
Baloncesto	18	5
Voleibol mixto	18	6